

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CPR PLURILINGÜE
SAGRADA FAMILIA



Revisión n.º: 00
Data: 30/10/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 09/10/2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/10/2023

DATA DA 1.^a REVISIÓN:

DATA DA 2.^a REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. CONTEXTUALIZACIÓN	3
1.1. Resumo histórico	3
1.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna	3
1.3. Características do alumnado	4
1.4. Características das familias	5
1.5. Características do profesorado	6
2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS	6
3. O CENTRO	7
3.1. Instalacións	7
3.2. Horarios xerais do centro	9
3.3. Área de influencia e centros adscritos	10
4. OFERTA EDUCATIVA	10
4.1. Etapas educativas	10
4.2. Organización da oferta	10
5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	12
5.1. Comedor	12
5.2. Transporte escolar	12
5.3. Outros servizos	13
6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	13
7. ESTRUTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA	13
8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO CONTORNO	14
9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO	15
10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO	16

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. RESUMO HISTÓRICO

O actual CPR Plurilingüe Sagrada Familia foi fundado como colexio feminino pola congregación de Relixiosas Filipenses Misioneiras de Ensinanza no ano 1945. Con el dábaselle continuidade á escola rexentada por dona Francisca de Haz y Tena, que ata ese momento viña funcionando no pazo de Vista Alegre. As instalacións, que inicialmente contaban cun pequeno internado, axiña quedaron pequenas e o centro foise ampliando pouco a pouco: primeiro ocupou as diferentes construcións que incluía a parcela e na década dos 60 levantouse un edificio novo, que se uniu ao pazo por unha ponte. Coa ampliación do colexio e o aumento do alumnado, as relixiosas incorporaron ao claustro, tamén por estes anos, os primeiros profesores/as segrares.

A chegada da democracia supón unha “explosión” legislativa no ámbito educativo e o colexio vaise adaptando e transformando á par dela. É así como, sen perder nunca o seu ideario católico e filipense, o centro se vai convertendo en mixto, concertado, plurilingüe..., ao tempo que a crise vocacional vai configurando o seu claustro como maioritariamente segrar.

O presente é o dun colexio con máis de oitenta anos de historia, que está a abrir unha nova etapa da man da Fundación Educativa Filipense, institución creada pola congregación de Relixiosas Filipenses Misioneiras de Ensinanza, co obxectivo de darlle continuidade ao labor educativo e pastoral dos seus colexios.

1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O CPR Plurilingüe Sagrada Familia está situado no contorno do pazo de Vista Alegre, no centro de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). No pasado, a súa zona de influencia estendíase practicamente por toda a comarca do Salnés, pero cos cambios no modelo educativo e co actual sistema de matrícula foise reducindo e asimilando, pouco a pouco, cos límites do municipio vilagarcían, de onde procede hoxe a práctica totalidade do noso alumnado.

Vilagarcía, tanto o seu núcleo urbano como o concello, medrou urbanística e demograficamente de xeito constante nas últimas décadas e sitúase na actualidade ao redor dos 40 000 habitantes. Este crecemento da poboación fixo que a cidade se fose dotando de servizos e que conte, no día de hoxe, cunha ampla oferta tanto sanitaria¹,

¹ Centro de saúde, hospital comarcal...

como deportiva², de ocio³, académico-cultural⁴ ou educativa. Destacar que na actualidade existen 9 centros que ofrecen Educación Infantil (EI); 9, Educación Primaria (EP); 6, Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), e 4, Bacharelato e Formación Profesional. Polo que respecta ao entramado económico, este aséntase especialmente sobre o sector servizos e complementase cun amplo tecido de pequenas e medianas empresas de transformación, así como co porto, a acuicultura e a agricultura vitivinícola. O resultado é unha cidade cun nivel de vida medio, ben dotada de servizos, estabilizada demograficamente e con escasa presenza de poboación inmigrante (menos do 4 %).

A nivel lingüístico, a lingua vehicular da maior parte do alumnado e a predominante na zona é o castelán. Aqueles nenos e nenas que proceden de familias galegofalantes, no contexto escolar abandonan a lingua materna e pasan a comunicarse exclusivamente en castelán.

Dentro deste contexto, o CPR Plurilingüe Sagrada Familia sitúase, como dicíamos ao comezo do apartado, no contorno do pazo de Vista Alegre, o que lle confire unhas características moi particulares en canto ao espazo físico. Goza dun medio natural de xardíns, patios, bosque e horta de algo máis dunha hectárea, pero tamén das restricións propias dunha parcela e unhas construcións protexidas pola lexislación de patrimonio.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

No curso que se aproba este proxecto educativo, 2023-2024, o centro conta con 619 alumnos/as de entre 3 e 16 anos. A meirande parte residen na propia cidade, veñen andando ao colexio e realizarán todo o ensino obrigatorio no noso centro. Proceden de 474 familias que elixiron o CPR Plurilingüe Sagrada Familia, sobre todo, pola súa educación en valores, pero tamén pola proximidade ao seu domicilio, polo carácter relixioso ou pola imaxe que teñen del, ben por seren antigos/as alumnos/as, ben porque “lles falaron” positivamente do centro. As probas de diagnóstico da LOE colocaron no seu momento o ISEC (índice socioeconómico e cultural) destas familias nun nivel medio-alto; porén, o perfil do alumnado é máis plural e diverso do que reflicte o dito índice.

Os nosos alumnos/as son maioritariamente de orixe nacional, cunha pequena parte, crecente, de alumnado inmigrante, especialmente de orixe latinoamericana, que non ten, aparentemente, problemas de integración. Crecente é tamén o número de alumnos/as

² Escolas e clubs deportivos, piscina...

³ Centro comercial, cines, auditorio, salas de exposicións...

⁴ Biblioteca, Escola Oficial de Idiomas, conservatorio profesional, escola municipal de música...

con NEE, que o colexio recibe e integra cada ano e que, por veces, supera os medios materiais e humanos dos que se dispón.

As características xerais destes alumnos/as son, seguramente, similares as dos nenos/as e adolescentes da súa idade:

- Pertencen a unha cultura audiovisual e de dispersión e superficialidade, o que fai deles persoas pouco reflexivas e que dificilmente lle escapan á atracción do consumismo. Aínda así, teñen gran facilidade para adaptarse aos cambios e os seus círculos de relación son moi amplos, grazas ás redes sociais.
- Buscan sentirse recoñecidos polos seus iguais, polos profesores e o seu contorno e sofren a tentación de valorar máis os resultados, aínda que sexan conseguidos con pouco esforzo, ca o saber real logrado co traballo diario.
- Amosan capacidade de ilusionarse, son optimistas ante a vida, creativos e de espírito emprendedor, o que os leva a comprometerse con aquilo que lles interesa e favorece o traballo en equipo e a investigación.
- Son fiel reflexo da relixiosidade das súas respectivas familias e sofren a secularización dunha sociedade que non lles facilita experiencias de transcendencia nin espazos de recollemento e silencio. Con todo, son receptivos aos valores cristiáns, se estes lles enchen a vida e os fan medrar como persoas.

1.4. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS

As familias que traen os fillos/as ao CPR Plurilingüe Sagrada Familia están compostas, maioritariamente, por tres ou catro membros (pai, nai e un ou dous fillos/as; son poucos os alumnos/as que viven unicamente cun dos proxenitores ou que comparten fogar con outras persoas), habitan nunha vivenda da súa propiedade e falan castelán, tanto na parella como cos fillos/as. A meirande parte teñen estudos básicos (EXB/ESO) ou medios (BAC/FP) e aproximadamente un terzo teñen estudos superiores; é maior o nivel académico das nais. Traballan, maioritariamente, os dous membros da unidade familiar e o perfil profesional correspóndese co de pequenos empresarios, autónomos, profesionais liberais, traballadores por conta allea..., cunha situación económica que eles mesmos definen como aceptable. Na maioría dos fogares dispónse de libros e conexión a internet e hai unha actitude positiva cara ao cultural (xornais, lectura...). Están preocupados pola educación dos seus fillos/as e axúdanos, principalmente as nais, a realizar as tarefas e a estudar.

No aspecto relixioso, son maioritariamente católicos/as non practicantes e amosan aprezo cara aos valores cristiáns. A súa relación co centro canalízase, en boa medida, a través das entrevistas cos titores/as dos seus fillos/as e da ANPA.

1.5. CARACTERÍSTICAS DO PROFESORADO

O CPR Plurilingüe Sagrada Familia conta cun equipo formado por uns corenta docentes, dos cales unha é relixiosa filipense. En liñas xerais, trátase dun grupo estabilizado, que mantén boas relacións entre si e no que, atendendo á idade e á situación contractual, non se prevén grandes cambios a curto prazo. Existe entre o profesorado preocupación pola continuidade do centro, pola renovación pedagóxica e por ser quen de adaptarse aos novos tempos, sen perder a esencia do carisma filipense.

Traballan, ademais, no centro nove persoas dedicadas a tarefas de administración e servizos. Trátase dun grupo estable, que coida do colexio e que amosa interese por realizar o seu traballo de xeito que axude á convivencia.

2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS

A congregación de Relixiosas Filipenses Misioneras de Ensinanza foi fundada polos irmáns Marcos e Gertrudis Castañer y Seda na cidade de Mataró (Barcelona), no ano 1858. Na súa orixe estivo a necesidade de dar resposta aos problemas sociais que orixinaba a nacente Revolución Industrial: explotación laboral, pobreza, discriminación cara ás mulleres e os nenos, condicións de vida insalubres... 165 anos despois, os valores fundacionais seguen plenamente viventes e os colexios filipenses están agora chamados a acompañar unha xeración envolta noutra auténtica revolución: a tecnolóxica.

Seguindo a liña trazada polos nosos fundadores e tendo presente o obxectivo final da nosa misión, a renovación cristiá da sociedade, a proposta pedagóxica do CPR Plurilingüe Sagrada Familia caracterízase por ofrecer:

- **Educación en valores**, coa que se busca sensibilizar o alumnado na problemática social e a sustentabilidade, co obxectivo de desenvolver neles valores como a solidariedade, o respecto, a tolerancia e a responsabilidade, e de formar cidadáns comprometidos e con capacidade transformadora.
- **Educación cristiá**, desde a que se fomenta o crecemento espiritual do alumnado, a relación con Deus e o desenvolvemento da fe. Ofrecemos unha educación enraizada no modelo de Xesús e nos valores evanxélicos e filipenses; unha educación liberadora e aberta á transcendencia, que invita a ser testemuña viva da fe nas nosas vidas diarias.
- **Educación auténtica**, na que o alumnado é o verdadeiro protagonista da aprendizaxe. Apostamos pola creatividade, por desenvolver o potencial de cada alumno/a e por dotalos das ferramentas necesarias para que poidan tomar, de maneira madura, reflexiva e consecuente, as súas propias decisións.

- **Educación innovadora**, na que incorporamos as últimas ideas, técnicas e ferramentas para mellorar a aprendizaxe do noso alumnado, sen perder a esencia do importante e o gusto polo traballo ben feito.
- **Educación empática**, baseada no noso lema “Educamos con tenrura” e que se asenta sobre tres piares: atención á diversidade, atención individualizada e seguimento do alumnado. Somos unha escola inclusiva, que educa dende o corazón e que orienta e acompaña o alumnado cun trato sinxelo, acolledor e alegre.

No proceso de elaboración deste PEC realizouse un amplo traballo de reflexión dentro da comunidade educativa sobre as liñas e prioridades de actuación nun horizonte de cinco anos. Tomando como base as diferentes achegas, acordouse focalizar os esforzos nas seguintes áreas de mellora:

- **Espazos e instalacións**, centrándose, por un lado, na mellora e reorganización das instalacións existentes, buscando que sexan máis eficientes, funcionais e atractivas, e, por outro, no aproveitamento pedagóxico da contorna na que se localiza o centro.
- **Organización e funcionamento**, enfocando os esforzos na mellora da comunicación, na reorganización da estrutura documental e na planificación e na cohesión das etapas.
- **Convivencia**, apostando polo traballo preventivo e a educación en valores e pola unificación de criterios e de actuacións, co obxectivo de lograr unha convivencia xusta e equitativa para todo o alumnado.
- **Pedagóxica**, incidindo no fortalecemento da liña educativa, buscando a consonancia coa nova lei e a actualización metodolóxica.
- **Pastoral**, explorando as maneiras de transmitirilles a fe ás novas xeracións e reforzando a identidade do colexio e o seu sentido evanxilizador.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

As aulas e as zonas de uso común están distribuídas en catro edificios coñecidos pola comunidade educativa como: *pazo*, *edificio branco*, *chale branco* e *chale da rotonda*. O *pazo* foi levantado no século XVI e na actualidade ten unha parte de uso privado e outra de uso académico. Esta segunda acolle os espazos destinados á atención ao público (portería, recibidores e administración), os despachos de dirección e orientación, oito aulas (catro de EP e as outras de apoio, informática/obradoiro, laboratorio e interioridade), a secretaría e sala de profesores, a biblioteca, a capela (esta última, de uso compartido coa comunidade) e as aulas PT e AL. Nun pavillón de construción máis

recente (*edificio branco*) sitúanse outras trece aulas (catro de EI, oito da ESO e unha de música) e o salón de actos.

Ao fondo da propiedade e próximos a unha saída posterior, atópanse o *chalé branco* e o *chalé da rotonda*. O primeiro acolle as aulas do primeiro ciclo de EP, unha pequena sala de apoio e unha sala de usos múltiples, destinada neste momento a comedor escolar. No *chalé da rotonda* sitúanse as catro clases do segundo ciclo de EP e dúas salas de apoio. Ademais, o colexio conta cun pequeno campo de fútbol, tres pistas de baloncesto (dúas, cubertas por un baixo teito), dous patios de xogos, unha zona de bosque e unha horta; en total, suman 1500 m².

Malia as peculiaridades do recinto e das construcións, o centro non presenta, na zona de uso do alumnado, practicamente ningunha barreira arquitectónica e as aulas están adaptadas ás necesidades dos grupos. É para destacar que o colexio dispón en todas as aulas de conexión a rede WI-FI, equipo informático e tableiro dixital.

Instalacións complementarias	
Instalación/Denominación	Superficie
Patios	1500 m ²
Patio cuberto	350 m ²
Laboratorio	55,76 m ²
Aula de informática	71,82 m ²
Aula de música	68,66 m ²
Aula de usos múltiples	46,24 m ²
Salón de actos	117,93 m ²
Comedor	90 m ²
Gabinete psicotécnico e de orientación escolar	34 m ²
Sala do profesorado	46,88 m ²
Despachos dirección	27,30 m ²
Recepción e espazos de atención a familias	40,28 m ²

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

Os horarios xerais do centro son os seguintes:

- Horario de atención ao público

- De 8.00 a 18.30 h (durante o curso escolar)
- De 9.00 a 14.00 h (horario de verán)

O centro permanecerá pechado do 20 de xullo ao 20 de agosto. A última semana do mes de agosto o centro permanece aberto para actividades administrativas, en horario de 9.30 a 13.30 h.

- Horario do alumnado

- Educación Infantil: de 09.15 a 14.15 h, con dous recreos: o primeiro, para merendar na aula, de 11.15 a 11.45 h e o segundo, no patio, de 11.45 a 12.15 h.
- Educación Primaria: de 09.15 a 14.15 h, cun recreo de 11.45 a 12.15 h.
- Educación Secundaria: de 08.40 a 14.15 h (e os martes pola tarde, de 16.15 a 18.00 h), cun recreo de 11.15 a 11.45 h.

A porta de acceso ao centro ábrese de 9.00 a 9.10 h, para o alumnado de Educación Infantil e Primaria, e de 8.35 a 8.40 h, para o de secundaria. Para a saída, o horario de apertura é de 14.10 a 14.30 h para todas as etapas. Os martes pola tarde, o horario de apertura para a entrada do alumnado de secundaria é de 16.10 a 16.15 h e para a súa saída, de 18.00 a 18.05 h.

- Horario do profesorado

Os horarios do profesorado son establecidos pola titularidade do centro e o Equipo Directivo, en función das necesidades existentes e baseándose en criterios pedagóxicos e organizativos e respectando sempre a lexislación vixente e o convenio laboral en vigor. Os criterios para a súa elaboración están enclavados dentro da normativa legal vixente.

Os horarios do profesorado especialista (PT e AL) son organizados pola xefatura do Departamento de Orientación, informando destes á Xefatura de Estudos da etapa.

- Horario do persoal non docente

- Persoal de limpeza: de luns a venres, de 14.30 a 19.30 h, en función da xornada laboral

- Persoal de mantemento: de luns a venres, de 8.00 a 12.00 h e de 15.30 a 19.15 h
- Coidadoras de comedor: de luns a venres, de 13.05 a 16.00 h
- Coidadoras do Plan Madruga: de luns a venres, de 08.00 a 9.15 h

- Horario do Plan Madruga

- De luns a venres, de 08.00 a 09.15 h

- Horario do comedor

- De luns a venres, de 14.00 a 16.00 h

- Horario de actividades extraescolares

As actividades lévanse a cabo desde o mes de outubro ata maio/xuño. O horario varía segundo a actividade, pero son sempre de luns a xoves, na franxa de 16.00 a 18.00 h.

3.3. ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

A área de influencia do CPR Plurilingüe Sagrada Familia correspóndese coas áreas de influencia do CEIP Arealonga, CEIP O Piñeiriño, CEIP Plurilingüe de Rubiáns e CEIP Plurilingüe de Vilaxoán. As áreas limítrofes do noso centro son as correspondentes á zona de influencia do CPR Plurilingüe San Francisco.

No Bacharelato, o centro está adscrito ao IES Armando Cotarelo Valledor, sito na rúa Armando Cotarelo Valledor, 2-18 (Vilagarcía de Arousa).

O criterio complementario de admisión é que algún dos proxenitores sexa antigo alumno.

4. OFERTA EDUCATIVA

4.1. ETAPAS EDUCATIVAS

O centro conta cuns 600 alumnos e alumnas que cursan o segundo ciclo de Educación Infantil (3 a 6 anos), Educación Primaria (6 a 12 anos) e ESO (12 a 16 anos). Todas as etapas están organizados en dúas liñas (A e B).

A oferta anual é de 50 prazas por cada nivel de Educación Infantil e Educación Primaria e de 60 no caso da ESO.

4.2. ORGANIZACIÓN DA OFERTA

No ámbito regulado, a organización da oferta educativa axústase ao establecido pola lexislación vixente, que define claramente os ámbitos e materias de Educación Infantil e Primaria e permite certa opcionalidade na Educación Secundaria Obrigatoria. Así, a oferta educativa específica da ESO inclúe:

- Lingua Francesa, como segunda lingua estranxeira.
- Lingua Francesa, Oratoria, Educación Dixital, Cultura Financeira e Cultura Clásica, como materias optativas de 3.º da ESO.
- Dous itinerarios en 4.º da ESO, un orientado a estudos científicos e tecnolóxicos (composto polas materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía) e outro orientado ás humanidades e ás ciencias sociais (formado polas materias de Latín, Economía e Emprendemento e Dixitalización).
- Lingua Francesa, Oratoria, Expresión Artística, Música, Formación e Orientación Personal e Profesional, Filosofía, Intelixencia Artificial e Cultura Clásica como materias optativas de 4.º da ESO.
- As horas de libre disposición de centro están asignadas, en 1.º da ESO, ás materias de Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, e en 2.º da ESO, a Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura.

Polo que respecta a aqueles elementos característicos da nosa oferta educativa, cabe destacar que o colexio conta co recoñecemento de “Centro plurilingüe” desde o ano 2013 e forma parte do programa “Plurinfantil” dende o ano 2022. Impártense, así, en inglés as materias de Psicomotricidade, en Educación Infantil; Educación Plástica e Visual en Educación Primaria, e Educación Física, na ESO, e córsase a materia de Lingua Francesa en 1.º e 2.º da ESO, que se oferta tamén como optativa en 3.º e 4.º. Cóntase, ademais, coa figura dun auxiliar de conversa de lingua inglesa, que intervéen en todos os niveis educativos. Esta figura favorece a mellora da comprensión e expresión oral do alumnado e achégao á realidade da cultura anglófona. Desde o centro promóvese, tamén, a realización de exames oficiais de inglés e francés nos dous últimos cursos de ESO (Cambridge e Alianza Francesa). Neste aspecto, en 3.º e 4.º da ESO a materia de Lingua Francesa, ao ser unha materia optativa, enfócase á preparación destes exames, aos que o alumnado pode presentarse de xeito voluntario.

No ámbito das matemáticas, no curso 2017-2018 comezouse o proceso de implantación do método de cálculo ABN, que se basea nunha aprendizaxe natural das matemáticas mediante actividades manipulativas e materiais cotiáns. No momento de realizar este proxecto educativo, o método ABN está totalmente implantado nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Outro dos aspectos nos que se vén traballando de xeito especial desde o ano 2012 é a oratoria. Ademais de ofertarse como materia optativa en 3.º e 4.º de ESO, promóvese a participación do alumnado de toda a etapa en diferentes torneos de debate, tanto internos como externos.

Outro dos ámbitos nos que destaca o centro é a atención á diversidade, na que o Departamento de Orientación coordina a integración do alumnado con necesidades educativas, facendo posible unha educación integral e individualizada. Neste ámbito, o centro conta cunha especialista en PT con xornada completa, que atende o alumnado con NEE e NEAE de Educación Infantil e Educación Primaria, e cun AL, que se ocupa do alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe en lectoescritura. Ofértanse, ademais, medidas de atención á diversidade, segundo as necesidades e características de cada etapa:

- 1.º, 2.º, 3.º e 4.º de Educación Primaria. Os/as docentes contarán coa colaboración na aula de profesorado con dispoñibilidade horaria para aplicar as medidas de atención á diversidade.
- 5.º e 6.º de Educación Primaria e 1.º e 2.º de ESO. Agrupamentos específicos de reforzo nas materias de Lingua Castelá e Matemáticas.
- 1.º e 2.º de ESO. O alumnado exento de cursar a materia de Lingua Francesa recibe reforzo doutras materias, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado.
- 3.º e 4.º de ESO. Titorías de orientación académica e profesional.

5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios convertíronse nun elemento esencial da nosa oferta educativa, xa que permíten, por un lado, contribuír ao benestar e ao desenvolvemento integral do alumnado e, por outro, colaborar coas familias na conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

5.1. COMEDOR

O servizo de comedor do CPR Plurilingüe Sagrada Familia é un servizo complementario de carácter voluntario, que responde ao exposto na introdución deste apartado: contribuír ao benestar do alumnado e facilitar a conciliación familiar. A entidade titular é a responsable da organización e do funcionamento e o servizo é prestado por unha empresa externa, que elabora os menús baixo un estilo de dieta saudable e observando a normativa establecida pola comunidade autónoma para este tipo de comedores.

Os alumnos están atendidos por monitores da empresa externa, supervisados pola encargada do comedor, que pertence ao centro.

- **Xestión:** indirecta (empresa de cátering)
- **Tipo/Categoría:** A (entre 50 e 75 alumnos/as diarios)

5.2. TRANSPORTE ESCOLAR

O centro non conta na actualidade con transporte escolar.

5.3. OUTROS SERVIZOS


O centro oferta un servizo de madrugadores (Plan Madruga), xestionado polo colexio a través de monitores contratados directamente pola entidade titular. Ademis de acoller e acompañar o alumnado ata o inicio das clases, o servizo conta cun programa de actividades lúdicas e educativas. Á súa vez, ofértase un servizo de custodia no horario de saída, por se algunha familia non pode recoller os seus nenos/as con puntualidade ao final da xornada lectiva.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares son un complemento fundamental na educación integral do noso alumnado e unha oportunidade para que os nosos alumnos/as exploren os seus intereses e desenvolvan habilidades e talentos fóra da contorna académica tradicional. A entidade titular é a responsable da súa organización e funcionamento e o servizo é prestado por unha empresa externa. As actividades están enfocadas, principalmente, ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria e, aínda que poden variar dun ano para outro, adoitan ser xogos e obradoiros en inglés, xadrez, patinaxe...

7. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

A organización do centro inspírase nas diferentes normativas que regulan o funcionamento orgánico dos centros públicos, se ben mantén as excepcionalidades propias de ser un centro concertado de titularidade privada. No seguinte esquema recóllese, de maneira visual, a dita organización, así como a relación que se establece entre uns ámbitos e outros.



8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO CONTORNO

O centro mantén relacións fluídas con diversas organizacións e entidades de diferentes ámbitos. No aspecto local, sinalar a colaboración con Cáritas, a asociación A Cantarela, a asociación Lar Pro-Saúde Mental, Cruz Vermella, o fogar residencial Servisenior, o Centro de Educación Especial Bata-Os mecos... e, dunha maneira moi especial, co Concello de Vilagarcía e coas diversos servizos que o integran: SPAD, Policía Local, Igualdade, Xuventude, Servizos Sociais... No ámbito autonómico e estatal, o centro colabora cos diferentes organismo oficiais (Inspección Educativa, Xefatura Territorial, Consellería de Educación, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado...) e con entidades privadas como, Fundación Barrié, Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas, AESLEME... Existe, igualmente, relación con diferentes universidades públicas e privadas, acollendo alumnado de prácticas do Grao de Maxisterio ou do Máster en Educación.

Polo seu carácter, o centro mantén, tamén, unha estreita colaboración con Escolas Católicas, organización que agrupa a titulares de centros educativos católicos, participando en xornadas

e cursos que axudan ao desenvolvemento da misión e recibindo orientación e asesoramento nas cuestións administrativas.

Sinalar, finalmente, que o centro pertence á titularidade da Congregación das Relixiosas Filipenses Misioneiras de Ensinanza, polo que se mantén unha estreita relación organizativa, educativa, pastoral e social coa propia entidade titular, así como cos centros educativos Filipenses.

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

Documentos		Data aprobación Claustro	Data aprobación Consello Escolar	Data próxima revisión
PROXECTO EDUCATIVO		09/10/2023	30/10/2023	Curso 2027/2028
Documentos incluídos dentro do Proxecto Educativo	Plan Xeneral de Atención á Diversidade	En revisión		
	Plan de Orientación	En revisión		
	Plan Acción Titorial	En revisión		
	Plan de Convivencia	En revisión		
	Plan de Igualdade	En revisión		
	Proxecto Lingüístico	En revisión		
	Plan Biblioteca	En revisión		
	Proxecto Lector	En revisión		
	Plan de Formación e Dixitalización do Profesorado	En revisión		
	Plan Dixital	17/01/2022	27/06/2022	Curso 2026/2027
	Plan ACE	En revisión		
	Plan Actividades Físicas e Hábitos Saudables	En elaboración		
	Plan de Autoprotección	09/10/2023	30/10/2023	Curso 2027/2028
	Concreción curricular	09/10/2023	-----	Curso 2027/2028

	NOFC	09/10/2023	30/10/2023	Curso 2027/2028
	Plan de Mellora (anual)	09/10/2023	30/10/2023	Curso 2024/2025

O Proxecto Educativo, así como o resto da documentación oficial do centro, difundirase entre toda a comunidade educativa, unha vez aprobada polo órgano correspondente, a través da páxina web do centro (www.filipenses.es).

10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O PEC, así como todos os documentos recollidos na táboa anterior, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias así o esixan. Igualmente, todos os plans/programas anteriores deben ser concretados anualmente na PXA. O presente documento será avaliado por parte do Equipo Directivo anualmente (ao finalizar o curso), quen lles propondrá ao Claustro e ao Consello Escolar, para a súa aprobación, as modificacións oportunas.